

O TEMPLO DE OUMIGO

Creado en 1994 polos alumnos de 8º curso no CEIP dos Blancos-Nº 15 Xuño 2006

NOVAS-30/05/2006

Os alumnos do CEIP dos Blancos, despois de dez anos dende a última ocasión, obtiveron unha praza nas escolas viaxeiras deste curso, e como consecuencia, o noso destino foi Almería, a sé da escola viaxeira a Andalucía Oriental, onde estiveron vivindo durante case sete días nunha residencia escolar.



Día 31 de Maio
O primeiro día, un día chuvioso, fomos visitar un invernadoiro na zona de El Ejido, e a continuación visitaron unha lonxa de froita, algo novedoso para todos nós. Aquí se lles ve todos entretidos no tema.



Xoves, 1 e Venres, 2 de Xuño-

O xoves intentamos visitar unha cova abandonada -digo intentamos porque foi imposible pola climatoloxía- e o venres visitamos enteiraamente Granada. Pola mañán, o Parque das Ciencias e pola tarde, o complexo turístico da Alhambra.



O sábado 3 de xuño fomos ver un xardín botánico, e de alí ata ó mesmo cabo de Gata, polo que a maioría dos que xa estivemos en Finisterre podemos dicir que xa cruzamos España en diagonal. Pola tarde á praia, e o domingo día 4 estivemos en Almería cidade vendo a Alcazaba e pola tarde no miniHollywood do deserto de Tabernas, onde desfrutamos moito cos animais e as actuacións do salvaxe Oeste.



Regresamos o día 5, luns, no mesmo autobús no que fomos, e creo que a viaxe longa, pasando por Madrid, onde fixemos parada en Aranjuez, para ver o vello palacio dos Reis. Pola tarde parecía que nunca chegabamos, así que o tempo se nos fixo longo de máis.



A experiencia foi para todos nós increíble. Vimos lugares, fixemos amizades coas que aínda hoxe nos escribimos

NOTA:

Este especial fin de curso, debido a ausencia dos xornalistas, foi elaborado en plan rápido por unha única persoa